

PLAN CONTINXENCIA

CEIP DE PRÉSARAS

ÍNDICE

<u>ACTUACIÓN PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO.....</u>	<u>3</u>
<u>ACTUACIÓN PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL..</u>	<u>4</u>
<u>MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....</u>	<u>5</u>

O Plan de Continxencia do centro educativo CEIP de Présaras ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase ao espazo COVID separado de uso individual, (espazo multisensorial), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto a quen presenta síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Présaras (981 778 334), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID-19 (Javier Cartón) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, debe solicitar unha consulta telefónica ao seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso de Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha parte (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual.

7. A autoridade sanitaria coa Consellería de Educación determinará o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas que comunicarán ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información facilitada directamente pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a corentena da totalidade do grupo-aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar o peche do nivel educativo onde xurdira o abrocho ou do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do ensino a distancia.

ACTUACIONES DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles achegados polo profesorado ou os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

No periodo non presencial o profesorado estará ao tanto non só da impartición de contidos, realización de tarefas e avaliación senón tamén da debida confidencialidade e protección de datos sensibles do alumnado.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as dificultades da educación por medios telemáticos.

13. No caso de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Reunión do profesorado para coordinar a actividade docente de cada nivel.
- b) Xestión do alumnado que non ten posibilidade de conexión a internet. Establecerase unha canle de comunicación coas familias para que poidan comunicar as súas dúbidas, inquedanzas, etc... ao equipo docente (abalarmobil, whatsapp, correo electrónico, aula virtual...).
- c) Envío de tarefas e actividades a través da aula virtual.
- d) Apoio psicolóxico e emocional de cada un dos afectados positivos en COVID.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período non presencial realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientativas, existindo a posibilidade de modificar tanto a duración como o alumnado incluído. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: 1 semana

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, o equipo COVID do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección dos espazos.
- Organización da reincorporación do alumnado e profesorado.
- Ao ser un centro pequeno poderán incorporarse os alumnos de cada curso ao mesmo tempo.
- O equipo Covid determinará, de acordo coas autoridades como se van incorporando os diferentes niveis
- O claustro propondrá dinámicas para a reincorporación dos grupos.

Fase 2 (Entrada dos alumnos)

Duración: 1 semana

Primeiro día: alumnado de 3 e 4 anos e o de 1º a 3º de Primaria

Segundo día: resto do alumnado.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Levar a cabo dinámicas para a reincorporación.
- Realizar clases presenciais adaptadas ata recuperar o ritmo da clase.

Fase 3 (Normalidade)

Duración: indefinida

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivo: Continuar co desenvolvemento da programación didáctica.